



Comesaña Sporting Club

Decano del atletismo Gallego - Fundado en 1915
Camiño da Pedreira 21 36213 VIGO,

E-Mail: comesana@comesana.org - Web:
www.comesana.org

N.I.F.: G36645257



38º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través

Regulamento:

1º - O Comesaña Sporting Club, co patrocinio do Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra, e coa autorización da Federación Galega de Atletismo, organiza o próximo día 27 de novembro en Vigo o "38º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través" en San Andrés de Comesaña, "Molinos", a beira do campo de fútbol "A Xunqueira".

(Evento, en ambos sexos en nados no 2001 ou antes, exclusivamente para federados.)

2º - O control oficial das carreiras estará a cargo de membros do Comité Galego de Xuices FGA da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo.

3º - O horario de saída das carreiras (metraxe aproximado) será o seguinte:

10:30'	- Júnior /Xuvenil masculina, (Nados anos: 1999/98 e 2001/00)	4.710 m.
10:55'	- Júnior / Xuvenil feminina, (Nadas anos: 1999/98 e 2001/00)	3.460 m.
11:15'	- Sénior/ Promesa masculina, (Nados anos: 94 ou antes e 1997/96/95)	8.565 m.
12:00'	- Sénior /Promesa feminina, (Nadas anos: 94 ou antes e 1997/96/95)	6.227 m.
12:30'	- Cadete masculina, (Nados anos: 2002 e 2003)	3.460 m.
12:50'	- Cadete feminina, (Nadas anos: 2002 e 2003)	1.590 m.
13:05'	- Infantil masculina, (Nados anos: 2004 e 2005)	1.590 m.
13:20'	- Infantil feminina, (Nadas anos: 2004 e 2005)	1.085 m.
13:30'	- Alevín masculina, (Nados anos: 2006 e 2007)	1.085 m.
13:40'	- Alevín feminina. (Nadas anos: 2006 e 2007)	883 m.

4º - As inscricións, ao ser un evento federado, faranse polo sistema informático da RFEA <http://isis.rfea.es/sirfea2/rfea.asp> pechándose as mesmas o 24 de novembro ás 20:00' Aqueles atletas que ben por ser independentes ou estranxeiros non teñan acceso ao sistema, poderán envialas por correo electrónico a: comesana@comesana.org, ou por correo ordinario a Comesaña Sporting Club, Pedreira, nº 21 San Andrés de Comesaña, 36213 Vigo. Estas inscricións farán constar: Nome do club, (se non é independente) nome e apelidos, ano de nacemento, sexo e número de licenza federativa, pechándose por istes medios o día 22 de novembro.

5º Neste evento **non poderán participar nin atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros que ouberan feito, durante a presente tempada ou as 2 anteriores, unha marca dun valor de 900 puntos ou superior por táboa IAAF vixente (como se detalla no artigo 3.4 do regulamento das competicións da RFEA), salvo permiso expreso concedido. Este punto non é aplicable para atletas (españois ou estranxeiros) con licenza dilixenciada pola Federación Galega de Atletismo.**

Nota: (A organización non está dacordo con esta norma federativa, se ben, mentres estea en vigor acátaa e velará polo seu cumprimento).

6º - Para admitir as inscricións (estranxeiros incluídos), cada atleta deberá ter **dilixenciada súa licenza federativa para a tempada 2016/2017**. Cadetes e menores alomenos dados de alta en "cross", do Programa Xogade da Xunta de Galicia.

7º - En todas as carreiras haberá unha clasificación por clubs, establecéndose ésta coa suma dos postos ocupados polos catro primeiros atletas dun mesmo club en cada carreira (postos reais, contabilizando os de menos de catro por club ou independentes).

En caso de empate, este resolverase en favor do club co 4º atleta mellor clasificado. Realizaranse clasificacións individuais **Sénior-Promesa** (do **ano 1994 ou antes**, consideraranse **coma Sénior**), e das categorías: Promesa, Júnior, Xuvenil, Cadete, Infantil é Alevín.

8º - Nas carreiras Senior/Promesa de ámbolos dous sexos, outorgárense compensacións en metáico aos cinco primeiros postos (400, 250, 125, 75 e 50 €) e trofeos tamen aos primeiros (alomenos cinco) nas categorías: Promesa, Júnior, Xuvenil, Cadete, Infantil é Alevín. Tamén trofeo para o club gañador de cada carreira.

9º - Todos os dorsais dos atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, debendo os atletas respectar, de habela, a publicidade impresa.

10º - Os participantes, en todas as carreiras, deberán pasar por cámara de chamadas ata 15 minutos antes da hora de saída fixada para súa carreira.

11º - As reclamacións sobre a competición, verbais ou por escrito, deberán ser presentadas ao Xuíz Árbitro ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

12º - Todo atletas participante estará cuberto por un Seguro de Responsabilidade Civil de acordo a reglamentación vigente.

13º - O non previsto neste Regulamento resolverase dacordo cos Regulamentos da FGA, RFEA e o Internacional da IAAF neste orde.

14º - O feito de inscribirse neste 38º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, implica a total aceptación do preceptuado no presente regulamento.

(Haberá un servizo de autobús de Vitrasa cada 20 minutos para achegar a participantes ata as duchas nas pistas de Balaídos e voltar ao circuito)

En San Andrés de Comesaña - Vigo, o 24 de outubro de 2016



[Handwritten signature]

Comesaña Sporting Club



[Handwritten signature]

Vº Bº Delegación FGA en Vigo

VIGO
terreo de xogo